

DECRETO

**EXCMA. SRA. MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

ASUNTO: APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NA MODALIDADE DE XERACIÓN DE CRÉDITO (EXPTE XC 2/2024) PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DERIVADOS DA " PROGRAMACIÓN DO PRIMEIRO SEMESTRE, ANO 2024, NO AUDITORIO MUNICIPAL GUSTAVO FREIRE", VISTO CONVENIO DE COLABORACIÓN APROBADO POR ACORDO DA XGL NÚM.: 17/100 DA SESIÓN DO 06.03.2024, ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC) E O CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DA PROGRAMACIÓN DA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS DO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO 2024.

Visto o expediente tramitado relativo ao compromiso firme de financiamento polo importe de 53.018,80 €, en base a convenio de colaboración aprobado por Acordo da XGL núm.: 17/100 da sesión do 06.03.2024 , entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e o Concello de Lugo para a xestión da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios do primeiro semestre do ano 2024, no Auditorio Municipal Gustavo Freire integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios, de conformidade co disposto na Resolución do 21 de novembro de 2006, pola que se regula a estrutura, a organización e o funcionamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios, principal instrumento da Agadic para promover a distribución das producións escénicas e musicais galegas, así como na resolución do 28 de febreiro de 2011 pola que se establecen as normas de funcionamento das programacións incluídas na citada Rede.

Tendo en conta a natureza de financiamento afectado da aportación do axente financiador propúxose a tramitación do correspondente expediente de crédito mediante a modalidade de xeración de crédito (compromisos firmes de aportación), e examinados os antecedentes obrantes no expediente:

- Proposta da Excma. Sra Alcaldesa do 07.03.2024 de iniciación do expediente de modificación de crédito, mediante a modalidade de xeración de crédito por mor da executividade dos recursos afectados, según o seguinte teor e creando a tal efecto as aplicacións orzamentarias, de ser o caso, e o Código de Proxecto seguintes:

- **Programa:" Programación do primeiro semestre, ano 2024, no Auditorio Municipal Gustavo Freire integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios."**

- Aportación: 53.018,80 €.
- Observacións: Financiamento.
- Xeración de crédito: 53.018,80 €.

Intervención

CCG/lrb

Refª: ispac4134349145360287381.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 2-2024 Cultura-AGADIC

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos da entidade mencionada.-

Concepto	Código proxecto	Importe
45000	24330001	53.018,80 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33000.22699	24330001	53.018,80 €

OBSERVACIÓNS:

- " Programación do primeiro semestre, ano 2024, no Auditorio Municipal Gustavo Freire integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios."

- Aportación:

Total crédito proposta de xeración: AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)
NIF: Q6550009B: 53.018,80 €.

Total aportación :CONCELLO DE LUGO: 56.588,10 €.

Custe total das actividades previstas no convenio: 109.606,90 €.

Coefficientes de Financiamento Teórico ou inicial:AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC), NIF: Q6550009B: 53.018,80 €
(48,3718%).

- Total estimación de crédito CP " Rede Galega de Teatros e Auditorios." 24330001: 109.606,90 euros.
- Total crédito proposta de xeración CP " Rede Galega de Teatros e Auditorios." 24330001: 53.018,80 €

-Informe favorable da Intervención Xeral Municipal Ref.:2024/299 do 07.03.2024.

Vistos os antecedentes anteriores, considerando o disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado, e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, RESOLVO:

Intervención

CCG/lrb

Refª: ispac4134349145360287381.doc

Asunto: Decreto aprobación modificación orzamentaria XC 2-2024 Cultura-AGADIC

Aprobar o presente expediente de modificación de crédito mediante a modalidade de xeración de créditos (expediente número 2/2024), introducándose nos estados de gastos e ingresos as seguintes modificacións, con imputación aos códigos de proxecto que máis abaixo se sinalan, creando, de ser o caso, as aplicacións orzamentarias indicadas:

- **Programa:" Programación do primeiro semestre, ano 2024, no Auditorio Municipal Gustavo Freire integrado na Rede Galega de Teatros e Auditorios."**

- Aportación: 53.018,80 €.
- Observacións: Financiamento.
- Xeración de crédito: 53.018,80 €.

ESTADO DE INGRESOS: Dereitos recoñecidos da entidade mencionada.-

Concepto	Código proxecto	Importe
45000	24330001	53.018,80 €

ESTADOS DE GASTOS: Xeración de créditos en base a ingresos efectivos.-

Aplicación Orzamentaria	Código proxecto	Importe
33000.22699	24330001	53.018,80 €

Observacións:

Consultada a contabilidade municipal, e visto que consta RC Ref.: 1757/2024 polo importe de 107.956,90 €, logo de contabilizada a xeración de crédito, procede modificar as previsións iniciais da aplicación orzamentaria 33000.22699 no importe de 53.018,80 €.

Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo cal deberase introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados deste expediente.

Cúmprase.